

# TFE 2023

ALICIA GARCÍA TOJEIRO  
COMPOSICIÓN

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO  
SUPERIOR DE MÚSICA  
DA CORUÑA

**RECITAL:** 31 de maio

19:00 *Cuarteto de cordas N.1* no Auditorio Andrés Gaos

**EXPOSICIÓN E DEFENSA:** 31 de maio ás 17:00 na Aula de Cámara

## **ALICIA GARCÍA TOJEIRO**

Natural de Viveiro, comezou a súa carreira musical no conservatorio de Viveiro no ano 2008, cursando a especialidade de gaita. Durante a súa traxectoria dentro deste centro realiza os seus primeiros pasos dentro da composición, o que fixo que se decidira por orientar a súa carreira musical hacia esta especialidade. No ano 2019 accede ao Conservatorio Superior de Música de A Coruña, e durante estes catro anos estudia dunha forma apaixonada disfrutando das ensinanzas que os profesores deste centro lle impartiron. Nestes anos tamén asistiu a varios cursos impartidos polo profesor Ángel Soto Mosquera.

O TFE é un dos momentos máis importantes nos estudos de composición, non sólo porque supón o remate dos estudos superiores, senón porque tamén supón a oportunidade de que as nosas obras poidan ser estreadas en público, e con elo ter a ocasión de amosar todo o aprendido en catro anos de profundos e intensos estudos. Este reto, que ás veces xera en nós certa inseguridade, tamén nos ilusiona, e nos transmite a forza suficiente para emprender este traballo que sabemos de antemán que vai a ser largo e arduo.

### **NOTAS AO PROGRAMA**

***Memorias de Viveiro***, obra para banda que consta de dous movementos, de características moi parecidas, e de unha temática interconectada e baseada na música popular galega, concretamente no tema popular da miña terra (Viveiro), “Catro vellos mariñeiros”.

***Cuarteto de cordas N.1***, obra para cuarteto de cordas que consta de catro movementos, con pequenas relacións de unión dentro deles, aínda que calquera dos catro, con elementos temáticos, harmónicos, rítmicos, formais... baseados nos estilos compositivos do século XX.

### **Agradecementos**

Gracias polo apoio que tiven durante todos estes anos a miña nai, que sempre estivo ahí para levantarme nos momentos máis difíciles.

Gracias aos grandes compañeiros que tiven durante a carreira, sempre tiveron un momento para axudarme.

Moitas gracias ao meu pilar fundamental dentro da miña carreira musical, sen ti non estaría aquí. Antonio José Álvarez Neira.

Moitas gracias a todos por asistir á miña presentación.